

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

*RESOLUCIÓN do 26 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade dos niveis 2 e 3 de cualificación (código de procedemento TR306A).*

Para a mellora da calidade na formación para o emprego, o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, que regula os certificados de profesionalidade, establece criterios de acceso do alumnado para garantir que se posúen as competencias clave para cursar con aproveitamento os certificados de profesionalidade que lles facilitarán a súa inserción laboral. Este real decreto modificouse mediante os reais decretos 1675/2010, do 10 de decembro, e 189/2013, do 15 de marzo, e posteriormente foi desenvolvido pola Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

Para adecuar a normativa autonómica á lexislación estatal publícase a Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 7 de xaneiro de 2014, pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 9, do 15 de xaneiro).

Esa orde é un instrumento fundamental das políticas activas de emprego que favorece a calidade e a integración da formación profesional para o emprego, facendo posible que as persoas que carecen das titulacións académicas requiridas poidan acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, que lles permitirá progresar no mercado laboral.

Segundo os artigos 5 e 6 da dita orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación convocará probas de avaliación polo menos unha vez ao ano, mediante a publicación dunha resolución onde se concretarán todos os aspectos do procedemento e o Instituto Galego das Cualificacións terá as funcións de coordinación, xestión e desenvolvemento das probas na nosa comunidade autónoma.

No Decreto 130/2020, do 17 de setembro, fíxase a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, que no artigo 7 establece os órganos superiores e de dirección da Consellería de Emprego e Igualdade.



A Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo dispón o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, ten atribuídas, entre outras funcións, a xestión e execución do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e vías non formais de formación e as que lle correspondan á consellería en materia de expedición de certificados de profesionalidade ou da acreditación parcial acumulable correspondente.

De acordo co exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos, consultado o Consello Galego de Formación Profesional e no uso das atribucións conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é convocar probas de avaliación en competencias clave para o acceso ás accións formativas dos certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR306A).

Así mesmo, cómpre establecer as posibles exencións ás probas e validacións das distintas competencias clave, así como consideracións sobre a expedición de certificados de profesionalidade.

#### Artigo 2. *Competencias clave que se convocan*

1. Convócanse probas nos niveis de cualificación profesional 2 e 3, nas seguintes competencias clave:

- Comunicación en lingua galega.
- Comunicación en lingua castelá.
- Comunicación en lingua estranxeira (inglés).
- Competencia matemática.

2. De conformidade co artigo 20, número 2, letra f), do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, modificado polo Real decreto 189/2013, do 15 de marzo, a superación das probas



de competencias clave permitirá o acceso aos certificados de profesionalidade do nivel correspondente.

3. As competencias clave requiridas para todos os certificados de profesionalidade das 26 familias profesionais do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade para os niveis de cualificación 2 e 3, son competencia matemática, comunicación en lingua castelá e comunicación en lingua galega.

A competencia de comunicación en lingua estranxeira soamente se require nos certificados de profesionalidade que teñen un módulo formativo de lingua estranxeira e que se especifican no anexo VI desta resolución.

### Artigo 3. *Requisitos de participación*

1. Poderán presentarse ás probas para a obtención do certificado de superación das competencias clave necesarias para o acceso a certificados de profesionalidade tanto do nivel 2 como do nivel 3, as persoas que cumpran os dous seguintes requisitos:

a) Maiores de 16 anos ou que os fagan en 31 de decembro do ano natural en que se celebran as probas;

b) Non estar en posesión de ningún dos requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade establecidos no artigo 2 da Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 9, do 15 de xaneiro).

2. No anexo III desta resolución infórmase das titulacións, certificacións ou acreditacións oficiais que reúnen os requisitos formativos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional a que se refire o punto anterior.

### Artigo 4. *Exencións e validacións ás probas de avaliación*

1. Estarán exentas de presentarse á proba da competencia de comunicación en lingua galega aquelas persoas que cumpran algún dos requisitos establecidos no anexo IV desta resolución.



2. No anexo V desta resolución establécense as validacións por ter superado estudos regradados e probas do sistema educativo para as competencias clave que se convocan.

#### Artigo 5. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. Para participar nestas probas deberá presentarse unha solicitude segundo o modelo do anexo I desta resolución.

2. As solicitudes, xunto coa documentación requirida, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude tamén estará dispoñible no portal web da Consellería de Emprego e Igualdade ([https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic\\_0145.html](https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0145.html)).

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As persoas interesadas con discapacidade recoñecida cun grao igual ou superior ao 33 %, no caso de solicitaren adaptacións, teñen que indicalo na solicitude de inscrición nos recadros do bloque de persoas con algunha discapacidade.

5. O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 7 de abril de 2021.

#### Artigo 6. *Documentación*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) No caso de identificación co pasaporte en vigor hai que achegar a súa copia.



b) No caso de ter recoñecida a discapacidade por outra comunidade autónoma, cun grao igual ou superior ao 33 %, e que solicitan algún tipo de adaptación das especificadas na solicitude, deberán achegar o certificado de grao de discapacidade e o informe da procedencia das adaptacións solicitadas pola dita comunidade, agás que solicitase o traslado do seu expediente a esta comunidade autónoma.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. De conformidade co establecido na normativa de protección de datos, para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de estranxeiros (NIE) da persoa solicitante.

b) Certificado de grao de discapacidade da persoa solicitante emitido pola Xunta de Galicia, cando sexa de aplicación.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos acreditativos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



**Artigo 8. *Relación provisional e definitiva de persoas inscritas admitidas e excluídas***

1. A relación provisional das persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, publicaraa o Instituto Galego das Cualificacións na páxina web [https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic\\_0145.html](https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0145.html), da Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o establecido no calendario previsto que figura no anexo II desta resolución.

2. As persoas interesadas poderán reclamar contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas mediante un escrito dirixido ao Instituto Galego das Cualificacións (Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela), que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de catro días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade.

3. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas será publicada na páxina web [https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic\\_0145.html](https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0145.html), da Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o establecido no calendario previsto que figura no anexo II desta resolución.

4. A publicación tanto das listas provisionais como das definitivas de admitidos/as e excluídos/as no proceso terán os efectos de comunicación ás persoas solicitantes e reclamantes, de conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 7 de xaneiro de 2014.

5. Contra a relación definitiva de persoas solicitantes admitidas e excluídas poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación das listas definitivas, ante a persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade.

**Artigo 9. *Realización das probas de avaliación en competencias clave***

1. O lugar de realización das probas de avaliación en competencias clave será exposto na páxina web [https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic\\_0145.html](https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0145.html), da Consellería de Emprego e Igualdade. O calendario da convocatoria inclúese no anexo II desta resolución.

2. O/a candidato/a realizará unha proba por cada unha das competencias clave convocadas nas cales se inscribise. A duración da proba en cada competencia clave é dunha hora.



3. Todas as persoas candidatas se deberán presentar no horario que figura no anexo II para ser chamadas por orde alfabética en chamamento único. Para realizar as probas de avaliación nas distintas competencias clave poderanse ditar instrucións específicas na orde de chamada das persoas admitidas nelas; as ditas instrucións serán publicadas na páxina web [https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic\\_0145.html](https://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/c/Formacion-ocupacional-e-continua?content=topic_0145.html), da Consellería de Emprego e Igualdade, como mínimo 3 días antes da data de inicio de realización das probas.

4. Para a realización das probas, as persoas aspirantes deberán ir provistas do documento nacional de identidade, do número de identificación de estranxeiros ou do pasaporte. Tamén deberán levar bolígrafo de tinta de cor azul ou negra.

Nas probas de competencia matemática poderase acudir con calculadora.

5. O exame das competencias clave en matemáticas estará redactado en galego e castelán; os exames de comunicación en lingua galega, comunicación en lingua castelá e de comunicación en lingua inglesa estarán redactados na lingua obxecto da proba.

6. Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen as probas con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

7. As persoas participantes nas probas terán cuberto o risco de accidente derivado da asistencia a estas.

#### Artigo 10. *Comisións de avaliación*

1. Segundo o establecido no artigo 8 da Orde do 7 de xaneiro de 2014, a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación nomeará unha comisión de avaliación para as probas de competencias clave de nivel 2 e unha comisión de avaliación para as probas de competencias clave de nivel 3, que terán como sede o Instituto Galego das Cualificacións (Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela).

2. Á vista do número de persoas inscritas nas probas poderase ampliar o número de comisións de avaliación. Así mesmo, poderase incorporar ás comisións de avaliación o número de vixilantes e correctores/as que se considere necesario.



3. No caso de nomear avaliadores/as auxiliares, estes formarán parte das comisións de avaliación para a realización das probas.

#### Artigo 11. *Resultados da avaliación das probas*

1. Os resultados da avaliación das probas estarán accesibles para as persoas que as realizaron nas listaxes provisionais que se poderán consultar na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o calendario previsto que figura no anexo II desta resolución. Estes resultados provisionais terán efectos de comunicación para todas as persoas participantes.

2. O resultado de apto suporá a superación da proba na correspondente competencia clave e o dereito do interesado ou da interesada a que se lle expida un documento acreditativo que certificará o resultado obtido segundo establece o artigo 9 da Orde do 7 de xaneiro de 2014.

#### Artigo 12. *Reclamación contra as cualificacións*

1. As persoas interesadas poderán reclamar contra as cualificacións provisionais, mediante un escrito dirixido ao presidente ou presidenta da comisión de avaliación, cuxa sede estará no Instituto Galego das Cualificacións (Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela), que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de catro días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade.

2. A publicación das listas definitivas de cualificacións terán efectos de comunicación ás persoas reclamantes, de conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 7 de xaneiro de 2014.

3. Contra a cualificación definitiva poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación das listas definitivas, ante a persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade.

#### Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas





a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Recursos*

Contra a presente resolución que non pon fin á vía administrativa e de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Disposición adicional primeira. *Adopción de medidas en relación coa COVID-19*

A realización presencial destas probas implica unha concentración masiva de persoas aspirantes e de empregados públicos encargados da organización nas instalacións en que se realizan, motivos polos cales se atenderá ás recomendacións que autoridades sanita-



rias establezan consonte o momento temporal en que as probas teñan lugar e dítaranse as instrucións que, se é o caso, sexan necesarias.

Disposición adicional segunda. *Reactivación solicitudes*

1. No *Diario Oficial de Galicia* do 20 de xullo de 2020, publicouse a Resolución do 22 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se deixaba sen efecto a Resolución do 13 de febreiro de 2020 pola que se convocaban probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación, motivada pola situación da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

2. Na dita resolución, no seu resolvo segundo, establecíase que na convocatoria de 2021 se recollería o sistema de reactivación das solicitudes xa presentadas ao abeiro da Resolución do 13 de febreiro de 2020. Porén, as circunstancias actuais fan aconsellable prever adopcións de medidas que permitan poder realizar o procedemento convocado pola presente resolución coas maiores garantías e entre esas medidas estará, de ser o caso, a distribución das persoas aspirantes por áreas sanitarias.

Para esa distribución por áreas sanitarias que, de ser o caso, se tivera que aplicar, cómpre ter recollida a información actualizada dos domicilios das persoas aspirantes para que o sistema informático que dá soporte a este procedemento poida realizar a distribución e por ese motivo, ao non poder realizarse a reactivación nos termos inicialmente previstos, cómpre que toda persoa que queira participar no procedemento deba realizar a súa solicitude conforme o establecido no artigo 6 da presente resolución.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase a directora do Instituto Galego das Cualificacións para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021

Zeltia Lado Lago  
Directora xeral de Formación e Colocación




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE	<b>TR306A</b>	SOLICITUDE


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
DATA DE NACEMENTO	IDADE	SEXO					
		<input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Enviarase avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b> As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

<b>NIVEL EDUCATIVO</b>
NIVEL MÁXIMO DE ESTUDOS FINALIZADOS CON TITULACIÓN
SE AGORA ESTÁ ESTUDANDO, INDIQUE QUE ESTUDOS REALIZA

<b>COMPETENCIAS CLAVE NAS CALES SOLICITA FACER A PROBA</b> (marque cun X o recadro ou recadros correspondentes)	
NIVEL 2 <input type="checkbox"/> Comunicación en lingua galega <input type="checkbox"/> Comunicación en lingua castelá <input type="checkbox"/> Competencia matemática <input type="checkbox"/> Comunicación en lingua estranxeira	NIVEL 3 <input type="checkbox"/> Comunicación en lingua galega <input type="checkbox"/> Comunicación en lingua castelá <input type="checkbox"/> Competencia matemática <input type="checkbox"/> Comunicación en lingua estranxeira


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 3r23mkj9-kw/9-bdv3-0fn9-snow5vrxks848


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 EMPREGO E IGUALDADE

**ANEXO I**  
 (continuación)

**PARA AS PERSOAS ASPIRANTES CON ALGUNHA DISCAPACIDADE QUE SOLICITEN ALGÚN TIPO DE ADAPTACIÓN**
 Discapacidade (indicar porcentaxe):  Posúe certificado acreditativo de discapacidade:  SI  NON

**TIPO DE ADAPTACIÓN QUE SOLICITA**

- 
- Ampliación do tempo
- 
- 
- Ampliación da letra
- 
- 
- Instrucións por escrito
- 
- 
- Intérprete de signos
- 
- 
- Outra adaptación (especificar):
- 

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- 
- Copia do pasaporte, cando proceda
- 
- 
- Certificado de grao de discapacidade (só no caso de ter recoñecida a discapacidade por outra comunidade autónoma)
- 
- 
- Informe de procedencia das adaptacións solicitadas (só no caso de ter recoñecida a discapacidade por outra comunidade autónoma)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

**OPÓÑOME Á CONSULTA**

DNI ou NIE da persoa solicitante

**MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN**
 Certificado de grao de discapacidade da persoa solicitante cando fose recoñecido pola Xunta de Galicia

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das actuacións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.


Resolución do 26 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación (código de procedemento TR306A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de 


Instituto Galego das Cualificacións


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 3r23mkj9-kw/9-bdv3-0fn9-snow5vrxks848


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**ANEXO II**  
**Calendario previsto**

	Datas
Prazo de presentación de solicitudes	Desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i> ata o 7 de abril de 2021
Publicación da lista provisional de admitidos	Data estimada: aproximadamente un mes despois do remate do prazo de presentación de solicitudes.
Presentación de alegacións	4 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisional
Publicación da lista definitiva de admitidos	1 semana despois da finalización da presentación de alegacións
Realización das probas: Competencias clave de nivel 2 Competencias clave de nivel 3	Ao longo do número de días calculados en función da limitación de capacidade vixente no momento de realización das probas
Publicación dos resultados provisionais das probas	Os resultados provisionais serán publicados na web da consellería aproximadamente 1 mes despois do desenvolvemento do último día de realización das probas
Presentación de reclamacións	4 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados provisionais
Publicación dos resultados definitivos das probas	1 semana despois da finalización da presentación de reclamacións

**Lugar e horarios das probas**

– Na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade publicaranse o lugar e os días de realización das probas.

– A repartición dos aspirantes por días virá determinado, se é o caso, pola limitación de capacidade vixente no momento da realización das probas, a consecuencia da crise da COVID-19, e nos chamamentos poderase atender a criterios territoriais e sanitarios ou calquera outro que nese momento se considere pertinente.

– As listaxes de acceso para cada día estarán dispoñibles na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade e nos paneis informativos situados para tal efecto no lugar onde se realicen as probas.

– Todas as persoas candidatas deberán presentarse á hora indicada para ser chamadas por orde alfabética.



Competencia clave	Para todos os días de exame	Chamamento único
Matemáticas	Sesión de mañá Nivel 2	9.00 horas
Lingua castelá		
Lingua galega		
Lingua estranxeira (inglés)		
Matemáticas	Sesión de tarde Nivel 3	16.00 horas
Lingua castelá		
Lingua galega		
Lingua estranxeira (inglés)		

**ANEXO III**
**Requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional**

A Orde do 7 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2014) establece no seu artigo 2 os requisitos que as persoas aspirantes deberán cumprir para acceder á formación dos certificados elaborados en base ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais (CNCP).

- Nivel 2.

Para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2, considérase que posúen a formación básica necesaria as persoas que acrediten posuír as seguintes titulacións, certificacións ou acreditacións:

- Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria (LOE).
- Título de graduado ou graduada en educación secundaria (LOXSE).
- Título profesional básico (Real decreto 127/2014).
- Superar os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).
- Superar un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.



- h) Ter superado a proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio.
- i) Requisito académico de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- j) Título de técnico auxiliar (FP1).
- k) Título de técnico (ciclo formativo de grao medio).
- l) 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes entre os cursos de 1º e 2º de BUP.
- m) 2º curso do primeiro ciclo experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).
- n) Título de técnico deportivo.
- o) Título de técnico de artes plásticas e deseño.
- p) Oficialía industrial.
- q) Título de técnico militar.
- r) Tres cursos comúns do plan de 1963 ou 2º curso de comúns experimental, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.
- s) Dous cursos comúns do plan experimental do ano 1984 (artes aplicadas e oficios artísticos).
- t) Ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou para maiores de 45 anos.
- u) Ter superado estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no anexo V desta resolución.
- v) Outros estudos declarados equivalentes para os efectos académicos con algún dos anteriores.
- w) Calquera titulación, certificación ou acreditación que dea acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3 de cualificación.



- Nivel 3.

Para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 3, considérase que posúen a formación básica necesaria, as persoas que acrediten posuír as seguintes titulacións, certificacións ou acreditacións:

- a) Certificado de profesionalidade de nivel 3.
- b) Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- c) Título de bacharel LOE.
- d) Título de bacharel LOXSE.
- e) Título de bacharel expedido tras cursar o antigo bacharelato unificado e polivalente (BUP).
- f) COU.
- g) PREU.
- h) Segundo curso de bacharelato experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).
- i) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior.
- j) Título de técnico (ciclo formativo de grao medio). Os títulos de FP1 non son equivalentes ao grao medio porque teñen equivalencia só para os efectos profesionais, non académicos.
- k) Ter superado a proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior.
- l) Título de técnico superior (ciclo formativo de grao superior).
- m) Título de técnico especialista (FP2).
- n) Título de perito mercantil.
- o) Título de bacharelato laboral superior do plan do ano 1963.





- p) Título de técnico superior de artes plásticas e deseño (segundo a especialidade cursada).
- q) Título de técnico deportivo superior (segundo a modalidade).
- r) Título de mestre ou mestra industrial.
- s) Título de graduado ou graduada en cerámica e artes plásticas.
- t) Ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou para maiores de 45 anos.
- u) Ter superado estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no anexo V desta resolución.
- v) Outros estudos declarados equivalentes para os efectos académicos con algún dos anteriores ou estudos superiores a estes.

#### ANEXO IV

##### **Exencións ás probas de avaliación das competencias clave en comunicación en lingua galega, niveis 2 e 3 de cualificación profesional**

Estarán exentos de presentarse ás probas de avaliación na competencia clave de comunicación en lingua galega as persoas aspirantes que presenten algún destes requisitos, segundo o nivel de cualificación profesional correspondente:

- Nivel 2.

a) Cumprir algún dos requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 do anexo III desta resolución.

b) Estar en posesión do certificado Celga 2.

c) Título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de Lingua Galega en todos os cursos dos ditos estudos ou ben que se superase a materia de Lingua Galega nas probas libres tendentes a esta titulación.



d) Título de graduado escolar obtido por equivalencia cos estudos da ESO, ao abeiro do anexo I do Real decreto 986/1991, sempre que se cursase e aprobase a materia de Lingua Galega en todos os cursos.

e) Certificado de ter cursado e aprobado en Galicia de maneira oficial a materia de Lingua Galega en todos os cursos da educación primaria e máis en dous cursos da ESO.

f) Certificado de ter cursado e aprobado as materias de Ciencias Sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.

g) Certificado de ter cursado e aprobado a materia optativa de Lingua Galega en primeiro e segundo de bacharelato do Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres, sempre que se superasen as materias optativas de Lingua Galega en primeiro, segundo e terceiro da ESO ou se estea en posesión do Celga 1.

h) Certificado de ter cursado e aprobado nos sete cursos do nivel primario as materias correspondentes a cada curso de Lingua Galega e Literatura Galega e máis o certificado de ter cursado e aprobado nos tres primeiros cursos do nivel secundario as materias correspondentes a cada curso de Lingua e Literatura Galega, xunto coas de Historia e as de Xeografía de Galicia no Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires.

i) Certificación oficial de ter superado o nivel intermedio (B1) das ensinanzas de galego da escola oficial de idiomas expedida consonte o establecido no Decreto 191/2007.

j) Certificado do curso de nivel medio de Lingua e Cultura Galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata o 1 de setembro de 2007.

k) Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata o 1 de setembro de 2007.

l) Superar estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no anexo V desta resolución, no relativo á competencia clave de Comunicación en Lingua Galega para o nivel 2.



m) Calquera certificación oficial que acredite que se adquiriron os coñecementos na competencia clave de comunicación en lingua galega de nivel 3 de cualificación.

n) Superar con avaliación positiva unha acción formativa de competencia clave en lingua galega de nivel 2 dentro das especialidades formativas aprobadas pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

o) Outras acreditacións declaradas equivalentes ou superiores con algunha das anteriores.

- Nivel 3.

a) Cumprir algún dos requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3 do anexo III desta resolución.

b) Estar en posesión do certificado Celga 3.

c) Título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase e aprobase de maneira oficial a materia de Lingua Galega en todos os cursos dos ditos estudos (ou, de ser o caso, se se superou a materia de Lingua Galega nas probas libres tendentes á titulación de FP1). Tamén se o título de ESO se obtivo despois de estudar un ano fóra de Galicia, sempre que non sexa o derradeiro.

d) Título de graduado en ESO se o título se obtivo superando o ámbito de comunicación en que estea incluída a materia de Lingua Galega en todos os cursos da educación secundaria para persoas adultas, nas probas libres para a obtención do graduado en ESO realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia ou nos módulos formativos de carácter voluntario conducentes ao título de graduado en ESO do Programa de cualificación profesional inicial.

e) Título de graduado en ESO se o título se obtivo superando en Galicia de maneira oficial a materia de Lingua Galega en primeiro e segundo de ESO e o ámbito lingüístico e social –en que estea incluída a materia de Lingua Galega– do Programa de diversificación curricular. Se o alumno ou a alumna se incorporou ao Programa de diversificación curricular en cuarto de ESO, deberá ter aprobado a materia de Lingua Galega en 3º de ESO.



f) A equivalencia co título de graduado en ESO por ter estudos parciais do bacharelato unificado polivalente, sempre que se cursase e superase a materia de Lingua Galega de 7º e 8º de EXB a partir do curso 1979/80 e que ningunha das materias que se admite ter pendentes nos dous primeiros cursos do bacharelato sexa de Lingua Galega.

g) Certificado de ter cursado e aprobado as materias de Ciencias Sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e de Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades. Se só se teñen cursado e aprobado as materias de bacharelato, poderá obterse tamén a validación do Celga 3 se se acredita estar en posesión do Celga 2.

h) Certificado de ter cursado e aprobado as materias de Lingua e Literatura Galega en 4º e 5º do nivel secundario no Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires, sempre que se conte co Celga 2 ou coa súa validación.

i) Certificado do ciclo elemental de galego expedido pola escola oficial de idiomas ao abeiro do Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro.

j) Certificación oficial do nivel avanzado (B2) das ensinanzas de galego da escola oficial de idiomas expedida consonte o Decreto 239/2008, do 25 de setembro.

k) Estar en posesión do certificado de aptitude dos cursos de iniciación de lingua galega (segundo a Orde do 10 de febreiro de 2014).

l) Superar estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no anexo V desta resolución, no relativo á competencia clave de comunicación en lingua galega para o nivel 3.

m) Superar con avaliación positiva unha acción formativa de competencia clave en lingua galega de nivel 3 dentro das especialidades formativas aprobadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

n) Outras acreditacións declaradas equivalentes ou superiores con algunha das anteriores.



**ANEXO V**
**Validacións das competencias clave necesarias para a obtención dos certificados de profesionalidade de nivel 2 por ter superado estudos regrados e probas do sistema educativo**

Competencia clave	Módulos IV das ensinanzas de secundaria para persoas adultas (Orde do 24 de xuño de 2008) <sup>1</sup>	Módulos IV das ensinanzas de secundaria para persoas adultas (Orde do 26 de maio de 1997) <sup>1</sup>	Probas libres para a obtención do graduado en secundaria (Orde do 19 de febreiro de 2009) <sup>2</sup>	Materias de 4º curso de educación secundaria obrigatoria <sup>1</sup>	Materias de 2º de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto) <sup>1</sup>	Probas de acceso a ciclos de grao medio (Orde do 2 de decembro de 2008) <sup>3</sup>
Comunicación en lingua galega	Ámbito de comunicación	Ámbito de comunicación	Probas do ámbito da comunicación	Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura	Exención ou superación da parte sociolingüística
Comunicación en lingua castelá	Ámbito de comunicación	Ámbito de comunicación	Probas do ámbito da comunicación	Lingua Castelá e Literatura	Lingua Española e Literatura	Exención ou superación da parte sociolingüística
Comunicación en lingua estranxeira	Ámbito de comunicación	Ámbito de comunicación	Probas do ámbito da comunicación	Primeira ou segunda Lingua Estranxeira	Lingua Estranxeira	–
Competencia matemática	Ámbito científico-tecnolóxico	Ámbito tecnolóxico-matemático	Probas do ámbito científico-tecnolóxico	Matemáticas	Matemáticas	Exención ou superación da parte matemática

<sup>1</sup> Acreditarase a través de certificación académica expedida por un centro público.

<sup>2</sup> Acreditarase a través do certificado de superación das probas libres para a obtención do graduado en secundaria.

<sup>3</sup> Acreditarase a través do certificado de realización das probas de acceso a grao medio.

Nota: estas táboas poderían ter modificacións ou novas validacións ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de ser o caso.

Poderase acreditar a competencia clave de comunicación en lingua estranxeira mediante un certificado oficial que se corresponda como mínimo cun nivel de usuario básico A2 do Marco común europeo para as linguas (MCERL) da lingua estranxeira en cuestión, as súas equivalencias ou algunha das validacións oficiais.

- Outras validacións-nivel 2.

Certificación académica en que conste que superaron todas as materias de 5 cursos do bacharelato do Plan de 1957.

**Validacións das competencias clave necesarias para a obtención dos certificados de profesionalidade de nivel 3 por ter superado estudos de bacharelato e probas do sistema educativo**

Competencia clave	Materias de 2º curso de bacharelato <sup>1</sup>	Materias COU <sup>1</sup>	Probas de acceso a ciclos de grao superior <sup>2</sup> (Orde do 2 de decembro de 2008)
Competencia en lingua galega	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega ou Literatura Galega	Superación ou exención de parte común



Competencia clave	Materias de 2º curso de bacharelato <sup>1</sup>	Materias COU <sup>1</sup>	Probas de acceso a ciclos de grao superior <sup>2</sup> (Orde do 2 de decembro de 2008)
Competencia en lingua castelá	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Española	Superación ou exención de parte común
Comunicación en lingua estranxeira	Lingua Estranxeira II	Lingua Estranxeira	Superación ou exención de parte específica (opción A)
Competencia matemática	Matemática II ou Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II	Matemática I ou Matemáticas II	Superación ou exención de parte común

<sup>1</sup> Acreditarase a través de certificación académica expedida por un centro público.

<sup>2</sup> Acreditarase a través do certificado de realización das probas de acceso a grao superior.

Nota: estas táboas poderían ter modificacións ou novas validacións ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de ser o caso.

Poderase acreditar a competencia clave de comunicación en lingua estranxeira mediante un certificado oficial que se corresponda como mínimo cun nivel de usuario intermedio B1 do Marco común europeo para as linguas (MCERL) da lingua estranxeira en cuestión, as súas equivalencias ou algunha das validacións oficiais.

## ANEXO VI

### Certificados de profesionalidade con competencias clave en linguas estranxeiras

Familia profesional: Administración e Xestión

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
ADGG0108	Asistencia á dirección-nivel 3	Inglés e outra lingua estranxeira
ADGG0208	Actividades administrativas na relación co cliente-nivel 2	Lingua estranxeira
ADGN0208	Comercialización e administración de produtos e servizos financeiros-nivel 3	Lingua estranxeira
ADGN0110	Xestión comercial e técnicas de seguros e reaseguros privados-nivel 3	Lingua estranxeira

Familia profesional: Comercio e Márketing

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
COML0109	Tráfico de mercadorías por estrada-nivel 3	Inglés
COML0209	Organización do transporte e a distribución-nivel 3	Inglés
COML0210	Xestión e control do aprovisionamento-nivel 3	Inglés
COML0211	Xestión comercial e financeira do transporte por estrada-nivel 3	Inglés
COMM0110	Márketing e compravenda internacional-nivel 3	Inglés e outra lingua estranxeira
COMM0112	Xestión de márketing e comunicación-nivel 3	Inglés
COMT0110	Atención ao cliente, consumidor ou usuario-nivel 3	Inglés



Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
COMT0111	Xestión comercial inmobiliaria-nivel 3	Inglés
COMT0210	Xestión administrativa e financeira do comercio internacional-nivel 3	Inglés
COMT0411	Xestión comercial de vendas-nivel 3	Inglés
COMV0108	Actividades de venda-nivel 2	Inglés

## Familia profesional: Hostalaría e Turismo

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
HOTA0308	Recepción en aloxamentos-nivel 3	Inglés
HOTG0108	Creación e xestión de viaxes combinadas e eventos-nivel 3	Inglés
HOTG0208	Venda de produtos e servizos turísticos-nivel 3	Inglés
HOTI0108	Promoción turística local e información ao visitante-nivel 3	Inglés
HOTR0209	Sumillaría-nivel 3	Lingua estranxeira
HOTR0309	Dirección en restauración-nivel 3	Inglés
HOTR0409	Xestión de procesos de servizo en restauración-nivel 3	Inglés
HOTR0508	Servizos de bar e cafetaría-nivel 2	Inglés
HOTR0608	Servizos de restaurante-nivel 2	Inglés
HOTT0112	Atención a pasaxeiros en transporte ferroviario-nivel 2	Inglés
HOTU0111	Garda de refuxios e albergues de montaña-nivel 2	Lingua estranxeira

## Familia profesional: Transporte e Mantemento de Vehículos

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
TMVO0212	Asistencia a pasaxeiros, tripulacións, aeronaves e mercadorías en aeroportos-nivel 2	Inglés
TMVO0111	Tripulación de cabina de pasaxeiros-nivel 3	Inglés

## Familia profesional: Marítimo-Pesqueira

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
MAPN0712	Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo-nivel 2	Inglés

## Familia profesional: Têxtil, Confección e Pel

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
TCPF0412	Asistencia técnica en loxística dos procesos de externalización da produción têxtil, pel e confección-nivel 3	Inglés

## Familia profesional: Seguridade e Medio Ambiente

Código	Certificado de profesionalidade	Lingua estranxeira
SEAD0312	Teleoperacións de atención, xestión e coordinación de emerxencias-nivel 3	Inglés

